

RESOLUCIÓN do 25 de outubro de 2021, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso, por promoción interna, en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, convocadas por acordo da Mesa do Parlamento do 10 de maio de 2021 (BOPG número 139, do 14 de maio de 2021).

O tribunal nomeado por Resolución da Presidencia do 8 de setembro de 2021 (BOPG número 197, do 9 de setembro de 2021) para cualificar o proceso selectivo para ingresar, por promoción interna, en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, convocadas por acordo da Mesa do Parlamento do 10 de maio de 2021 (BOPG número 139, do 14 de maio de 2021)

ACORDOU:

Primeiro.- Logo de revisar as reclamacións presentadas contra a primeira parte do primeiro exercicio, ao abeiro do previsto na base 6.1.2 da convocatoria:

1. Anular a pregunta número 33.
2. Substituír a pregunta número 33 pola primeira de reserva.

Segundo.- Segundo a base 6.1.3 da convocatoria, para poder superar este primeiro exercicio é necesario acadar unha puntuación mínima de 15 puntos.

En base ao anterior, e unha vez efectuada a corrección do primeiro exercicio da fase de oposición, ningunha das aspirantes superou o mesmo conforme ao establecido nas bases.

Terceiro. A relación das puntuacións acadadas no primeiro exercicio do proceso selectivo para o ingreso, por promoción interna, en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia reflíctese no anexo a esta resolución.

Cuarto.- Esta resolución, segundo se establece na base 6.1.3 da convocatoria, publicarase no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e na páxina web corporativa

<http://www.parlamentodegalicia.gal/Institucion/ProcedementosSelectivos/>

Quinto.- As aspirantes dispoñen dun prazo de **dez días hábiles** para que efectúen ante o tribunal as alegacións que estimen oportunas contados a partir do día seguinte ao da publicación na páxina web do Parlamento.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2021.

O presidente do tribunal
Xosé Antón Sarmiento Méndez

PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO, POR PROMOCIÓN INTERNA, EN DÚAS PRAZAS DO CORPO
ADMINISTRATIVO DO PARLAMENTO DE GALICIA

RELACIÓN DAS PUNTUACIÓNS ACADADAS NO PRIMEIRO EXERCICIO

PRIMEIRO EXERCICIO CORPO ADMINISTRATIVO DO PARLAMENTO DE GALICIA			
APELIDOS	NOME	DNI	NOTA
LÓPEZ GÓMEZ	MARINA	***6719 **	14,46
LORENZO SANTAMARÍA	MARINA IRENE	***5265**	10,80